

DEPARTAMENTO	XEOGRAFÍA E HISTORIA	
MATERIA OU ÁMBITO	XEOGRAFÍA E HISTORIA	
CURSO E GRUPOS	4º ESO A, B, C	
PROFESORADO	MANUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	
LIBRO DE TEXTO	Grence Ruiz, T. e Guerra Cañizo, A. M. (dirección). 4 ESO. Historia. Serie Descubre. Madrid, Santillana e Edicións Obradoiro, 2016.	
	Ano de implantación	2.016

ÍNDICE

1. **Introdución e contexto.**
2. **Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.**
3. **Obxectivos xerais da materia.**
4. **Contidos e temporalización.**
5. **Estándares de aprendizaxe.**
6. **Criterios de avaliación.**
7. **Criterios de cualificación e recuperación.**
8. **Competencias e indicadores de seguimento.**
9. **Temas transversais e tratamento.**
10. **Metodoloxía, materiais e recursos didácticos.**
11. **Medidas de atención á diversidade.**
12. **Indicadores de logro para avaliar a práctica docente.**

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO.

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Decreto 86/2015 de 25 de xuño establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a Lei 8/2013 establece que corresponde ao Goberno o deseño básico dos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas

Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

A materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO abrangue os contidos de Historia Contemporánea desde a crise do Antigo Réxime ata o momento actual. Esta materia é unha peza esencial na formación integral dos alumnos, pois permite que acaden unha maior madurez persoal, que teñan unha maior consciencia do mundo no que viven, que entendan mellor o presente, que respecten o patrimonio artístico e cultural e que desenvolvan unha actitude democrática e un espírito crítico.

O I.E.S. O Ribeiro está situado na vila de Ribadavia, epicentro dunha comarca rural de vocación vitivinícola. O nivel socio-económico das familias é de tipo medio ou medio-baixo. No presente curso hai 3 grupos de 4º ESO: o grupo A con 22 alumnos, o grupo B con 23 e o grupo C con 22 alumnos.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

O artigo 6.2. da Lei Orgánica 8/2013 define como competencias as “capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios da cada ensinanza e etapa educativa, co fin de acadar a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

O Real Decreto 1105/2014 establece 7 competencias básicas. A nosa materia desenvolve tales competencias a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

Competencias sociais e cívicas:

- Diferencia conceptos como Absolutismo e Parlamentarismo, Antigo Réxime e Ilustración, Mercantilismo e Fisiocracia, Liberalismo e Nacionalismo, Imperialismo e Descolonización.
- Aprecia os avances científicos e tecnolóxicos e a súa aplicación na vida diaria.
- Detecta e aprecia os avances na situación xurídica da muller nos dous últimos séculos.
- Sopesa as intencións dos revolucionarios para actuar como o fixeron.
- Diferenza entre as consecuencias positivas e negativas de feitos históricos como a revolución industrial, o imperialismo, os réximes totalitarios, o nacionalismo radical.
- Asume as consecuencias negativas das guerras e do uso da violencia para resolver conflitos.
- Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.

Comunicación lingüística:

- Establece unha relación causal de feitos históricos como o colonialismo e a primeira guerra mundial, o expansionismo nazi e a segunda guerra mundial.
- Interpreta o alcance da revolución rusa na súa época e na actualidade.
- Discrimina as interpretacións de feitos históricos segundo a fonte, os participantes e os diferentes historiadores.
- Identifica os factores da revolución francesa, do ascenso dos réximes totalitarios.
- Explica feitos como as reformas durante a II República española
- Describe os feitos clave do proceso de descolonización
- Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

- Comprende a importancia dos avances científicos e tecnolóxicos.
- Analiza as vantaxes dos novos medios de transporte e comunicación xurdidos nas distintas etapas da revolución industrial.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- Elabora discusións sobre euro centrismo e a globalización.

- Establece diferencias entre as crises económicas de 1929 e 2008.

Competencia dixital:

- Elabora unha presentación sobre algún feito histórico empregando imaxes e facendo un comentario das mesmas
- Fai esquemas empregando programas informáticos
- Procura na prensa dixital información sobre diversos temas.

Aprender a aprender:

- Analiza fontes diversas (escritas, materiais, audiovisuais) tanto primarias como secundarias para obter información.
- Sitúa nos mapas os feitos históricos.
- Sitúa os feitos cronoloxicamente
- Diferencia as características políticas, económicas e sociais dos bloques capitalista e comunista durante o período da Guerra Fría.

Conciencia e expresións culturais:

- Describe as características de movementos culturais como a Ilustración.
- Caracteriza estilos artísticos como o Neoclásico, o Realismo, o Cubismo.
- Analiza cadros, esculturas e obras arquitectónicas do século XIX.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA.

- Coñecer as características políticas, económicas e sociais do Antigo Réxime.
- Coñecer o pensamento da Ilustración, as súas ideas innovadoras e críticas do Antigo Réxime, a súa influencia sobre outros feitos históricos e a repercusión en España.
- Explicar as características do Absolutismo e do Despotismo Ilustrado.
- Analizar as causas e consecuencias do cambio de dinastía en España a inicios do XVIII.
- Analizar as causas, desenvolvemento e consecuencias da revolución agrícola e a revolución industrial, así como as súas fases ata os nosos días.
- Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos das diversas fases da revolución industrial.
- Identificar os trazos que definen o Mercantilismo, Fisiocracia e Liberalismo económico.
- Analizar as revolucións políticas de 1776-1848 (independencia das Trece Colonias, revolución francesa, revolucións liberais de 1820, 1830 e 1848) como feitos básicos na conformación de sistema político, social e económico dos nosos días.
- Coñecer e analizar as ideoloxías do XIX: Nacionalismo, Liberalismo e Movemento Obreiro.
- Analizar o proceso de expansión imperialista de fins do século XIX, coñecendo a súas causas, os tipos de dominio colonial, o desenvolvemento e as consecuencias.
- Coñecer as causas e o desenvolvemento da revolución rusa de 1917 e a organización do novo estado comunista.
- Coñecer e analizar as causas, o desenvolvemento e as consecuencias das dúas guerras mundiais na conformación do mundo e conflitos posteriores. En relación con elas, subliñar a creación e o

papel da Sociedade de Nacións e da ONU e o contexto do Holocausto.

- Coñecer as causas, desenrolo e consecuencias da revolución rusa.
- Analizar a época de Entreguerras: crise de 1929, nacemento e desenvolvemento dos totalitarismos (nazismo e fascismo), relacións internacionais.
- Coñecer e analizar o período da “guerra fría”, estudando os principios conflitos, as causas do seu fin e a aparición dunha nova orde internacional.
- Analizar o proceso de descolonización do Terceiro Mundo no século XX, tendo en conta as súas conexións co período da guerra fría.
- Adquirir nocións básicas sobre a ciencia, o pensamento e a arte do século XX.
- Coñecer e analizar a historia de España (feitos políticos, económicos, sociais e culturais) nos séculos XVIII e XIX, e os paralelismos e diferenzas con Europa.
- Identificar o proceso de descolonización.
- Caracterizar os sucesos históricos básicos da España do século XX: fin da Restauración, ditadura de Primo de Rivera, II República, guerra civil, ditadura franquista e transición a democracia.
- Entender a evolución da construción da Unión Europea.
- Coñecer os elementos básicos e a manifestación do proceso de Globalización nas recentes décadas.
- Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica e recoñecer o seu impacto a escala local e global.
- Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN.

1º Trimestre.

1. Antigo Réxime: estrutura política, social e económica. 2. Ilustración en Europa e España. O estilo Neoclásico. 3. España e Galicia no XVIII. 4. Independencia das Trece Colonias. 5. Revolución francesa. 6. Época de Napoleón. 7. Restauración, revolucións liberais e Nacionalismo na Europa do XIX. 8. Revolución Industrial. 9. O movemento obreiro.

2º Trimestre.

10. España entre 1788-1874. Evolución política, económica, social. Goya. 11. Imperialismo e potencias coloniais. 12. Primeira guerra mundial. 13. Revolución rusa e creación da URSS. 14. Período de Entreguerras: crise de 1929, fascismo e nazismo. 15. Segunda guerra mundial. 16. España: 1874-1936, Restauración, ditadura de Primo de Rivera e II República.

3º Trimestre.

17. A guerra civil española. 18. A Guerra Fría (1945-1991). 19. A descolonización e o Terceiro Mundo. 20. O mundo desde 1945: Europa e a Unión Europea, Estados Unidos, a URSS, Asia, África e América Latina. 21. España: da ditadura franquista á democracia.

Nota. A enorme amplitude dos contidos xunto coas lagoas e descoñecemento dos alumnos, así como a necesidade de explicar adecuadamente os temas, poden impedir o cumprimento estrito desta temporalización. Os contidos serán explicados con apuntes e o Libro de Texto será usado como un elemento accesorio e un soporte para gráficos, mapas, fotos, esquemas e tamén para realizar exercicios e, de ser preciso, o resumo dalgún tema.

5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

- Establece, mediante textos, a diferenza entre Absolutismo e Parlamentarismo.
- Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.
- Describe as características da Ilustración e do despotismo ilustrado.
- Explica as causas, vantaxes e contras das revolucións liberais.
- Analiza os proles e contras da revolución industrial e compara o proceso en Inglaterra e noutros países.
- Razona como o Imperialismo tivo repercusións nas relacións económicas mundiais e no estoupido da primeira guerra mundial.
- Diferencia os acontecementos da primeira guerra mundial.
- Percibe a repercusión da revolución rusa.
- Compara movementos artísticos dos séculos XIX e XX e comenta obras artísticas destacadas.
- Discute a loita da muller polo dereito o voto.
- Explica os factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.
- Explica as principais reformas feitas durante a II República e as resistencias a elas.
- Explica as causas da guerra civil.
- Explica as causas e consecuencias da segunda guerra mundial.
- Recoñece o significado do Holocausto.
- Explica algún conflito da guerra fría.
- Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.
- Explica os avances do réxime soviético e do estado de benestar en Europa.
- Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller o mundo do traballo asalariado.
- Compara as crises de 1973 e 2008.
- Coñece as fases da ditadura de Franco e a situación de posguerra.
- Interpreta o novo mapa político de Europa e analiza os cambios tralo colapso da URSS.
- Interpreta a transición española e describe feitos claves deste proceso.
- Discute sobre a construción da Unión Europea e a globalización.
- Coñece as causas da destrución da Natureza nos nosos días.
- Compara as revolucións industriais do XIX coa revolución tecnolóxica actual.

- Recoñece diversas fontes históricas.
- Elabora eixes cronolóxicos cos principais feitos da Idade Contemporánea.
- Utiliza con precisión o vocabulario histórico e artístico.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Explicar as características do Antigo Réxime no terreo político, social e económico.
- Situar espacial y temporalmente os acontecementos mais salientables dos últimos tres séculos de historia universal.
- Coñecer as bases e repercusións da Ilustración.
- Coñecer os avances da revolución científica do XVII e XVIII.
- Enumerar as reformas borbónicas máis significativas no XVIII español.
- Identificar os principais feitos das revolucións liberais do XVIII e XIX.
- Describir os feitos salientables da revolución industrial, as súas causas e os avances tecnolóxicos, así como as características da mesma en España e Galicia.
- Identificar as potencias imperialistas de fins do XIX e a evolución da política imperialista.
- Coñecer os principais feitos da primeira guerra mundial.
- Coñecer a orixe, desenrolo e consecuencias da revolución rusa.
- Recoñecer as características dos estilos artísticos do XIX (Romanticismo, Realismo, Impresionismo) e das primeiras vangardas do século XX.
- Coñecer os feitos salientables do período de Entreguerras (crise de 1929, nazismo e fascismo) e a súa conexión co presente.
- Coñecer a evolución e os procesos que levaron a proclamación da II República española e o inicio da guerra civil.
- Coñecer as causas e o desenrolo da segunda guerra mundial e comprender que significou o Holocausto.
- Entender o concepto de guerra fría e o enfrontamento entre bloques.
- Organizar os feitos máis importantes da descolonización.
- Entender a extensión do bloque soviético e os avances do estado de benestar en occidente.
- Explicar as causas da ditadura franquista e a súa evolución.
- Coñecer as causas e consecuencias do colapso da URSS e do bloque soviético.
- Entende a evolución da construción da Unión Europea.
- Definir globalización e identificar os seus factores.
- Identificar os cambios que supón a revolución tecnolóxica, o impacto que teñen e as medidas medio ambientais a poñer en practicar para evitar ou reducir o seu impacto.

- Entender que o pasado determina o presente.
- Comprender os conceptos de diacronía e sincronía.
- Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión.

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN.

A **cualificación trimestral** será o resultado do traballo e actitude diarios na aula, da realización das tarefas nos prazos estipulados (sempre que se fagan ben os exercicios se sumarán positivos a nota media, mentres que se restará en caso de non facelos ou de facelos mal), o estado do caderno de traballo (valoraremos positivamente a orde e unha caligrafía lexible), as cualificacións nos controis (non se aprobará si nalgún dos controis a nota é inferior a 4) e o comportamento.

O alumno que non se presente a un exame, só poderá realizalo si presenta un certificado que xustifique de forma adecuada a ausencia.

Un comportamento inadecuado influirá de forma negativa na cualificación. Isto inclúe accións como non traer o material necesario (aqueles materiais que usamos a diario como o libro de texto e o caderno, ou aqueles outros que o profesor poder solicitar de forma eventual como calculadora, mapas mudos, regra, pinturas, etc.), interromper a marcha das clases, pasividade ou indiferenza, non participación, molestar e faltar ao respecto aos compañeiros ou ao profesor, manifestar opinións ofensivas cara unha persoa ou colectivo e non coidar o mobiliario, materiais e instalacións do Instituto.

Os alumnos que suspendan a avaliación, farán unha proba de recuperación na que deberán examinarse de TODA A MATERIA da avaliación, aínda que aprobaran unha parte.

A final de curso, haberá unha proba final de recuperación para aqueles alumnos que teñan algunha avaliación suspensa. De non acadar os obxectivos no mes de xuño, terán a posibilidade dunha avaliación extraordinaria no mes de setembro. Por razón de tempo, a terceira avaliación unicamente poderá recuperarse nesta proba final de xuño.

Poderán ser encargados traballos de investigación e cadernos de exercicios para facilitar a superación da materia nas convocatorias ordinarias ou extraordinarias.

A correcta expresión oral e escrita é fundamental. Por iso, as faltas de ortografía supoñen unha redución da nota. Descontaremos por cada falta 0'05, aínda que si se trata dunha falta considerada grave ou dunha maiúscula descontaremos 0'1.

O alumno sorprendido copiando ou tratando de copiar nun exame, suspenderá a avaliación.

8. COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO.

Comunicación lingüística

- Explica termos históricos como comercio triangular, sociedades económicas, liberalismo, nacionalismo, antisemitismo, guerra civil, autarquía, transición á democracia,

- Explica as diferenzas entre pares de conceptos como obradoiro artesanal e sistema doméstico, monarquía absoluta e parlamentaria, mercantilismo e liberalismo, comunismo e capitalismo, ditadura e democracia ...
- Diferencia as causas das consecuencias nos distintos feitos históricos
- Indaga o significado de palabras no glosario do libro de texto ou nun dicionario ou nunha páxina web.

Autonomía e iniciativa persoal e emocional:

- Da una valoración persoal sobre o tráfico de escravos.

Tratamento da información e competencia dixital:

- Elabora traballos de investigación sobre persoas, feitos históricos e obras de arte.
- Extrae as ideas principais dun texto.
- Ordena feitos de xeito cronolóxico e interpreta un eixe cronolóxico.
- Fai un resumo dos acontecementos históricos
- Interpreta e obtén información dos mapas históricos e os gráficos
- Fai comentarios guiados de textos históricos

Matemática:

- Calcula porcentaxes: crecemento da poboación europea...
- Ordena datos de maior a menor.
- Obtén información dunha táboa estatística e explícaa.

Coñecemento e interacción co mundo físico:

- Identifica nos mapas rutas comerciais.
- Localiza nun mapa os estados e os lugares.
- Sitúa os imperios e as principais colonias

Aprender a aprender:

- Aprende a recoñecer fontes históricas.
- Consegue mais información nas fontes impresas e dixitais e con películas e documentais.
- Fai esquemas dos temas
- Interesase por informarse a diario coa prensa escrita e o medios de comunicación

Competencia social e cidadá:

- Recoñece as diferenzas entre a sociedade estamental e a dos nosos días.
- Razona as achegas da revolución francesa, da rev. inglesa de 1688, do nacionalismo, da reforma educativa durante a segunda república española, das sufragistas ...
- Coñece conceptos como campo de concentración, pena de morte, tortura, tolerancia, sufraxio universal e censitario.
- Participa en debates de forma respectuosa e ordenada

Expresión cultural e artística:

- Recoñece as características do estilo Neoclásico
- Explica unha obra de arte representativa dos últimos séculos

9. TEMAS TRANSVERSAIS E TRATAMENTO.

Os temas transversais son unha das esenciais da Xeografía e Historia e por iso o longo do curso abordaremos os seguintes aspectos:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación, espírito emprendedor e educación cívica e constitucional.
- Fomentaremos a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Resolución pacífica de conflitos mediante o diálogo, rexeitando a violencia.
- Valores como liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia, respecto aos dereitos humanos, solidariedade cos mais necesitados, non discriminación, rexeitamento de todo tipo de violencia e actitudes de racismo e xenofobia, e respecto ao Estado de dereito.
- Evitaremos comportamentos, contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Promoveremos a educación e seguridade viarias para prever accidentes de tráfico e que os alumnos coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios das vías públicas, en todas as dimensións: peóns, viaxeiros, condutores de bicicletas, motos ou coches.
- Incidiremos na educación ambiental para que os alumnos coñezan os principais problemas medioambientais do mundo actual (cambio climático, contaminación de augas, terras e atmosfera, extinción de especies, sobre poboación, sobre pesca, etc.) e as consecuencias da acción humana sobre o medio. Neste senso, trataremos sobre os comportamentos que deben ser evitados (como o despilfarro e o consumismo) e os que deben ser promovidos (aforro enerxético, separación de lixo, re utilización e reciclaxe, non contaminación da Natureza, respecto da biodiversidade).
- Promoción de hábitos saudables para ter unha mellor calidade de vida. E informar sobre as consecuencias prexudiciais de certos hábitos como o tabaquismo, consumo de alcohol e outras drogas, falta de exercicio físico, alimentación inadecuada, malas posturas ao sentarse, etc.

Estes temas serán tidos en conta á hora de organizar a aula, de seleccionar lecturas e material audiovisual, de agrupar o alumnado para facer traballos en grupo, de debater cuestións históricas e de actualidade. A práctica do diálogo e do debate promoverá condutas respectuosas cara ós demais e a interiorización da liberdade de expresión como valor fundamental da convivencia democrática.

10. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS.

A nosa **metodoloxía** seguirá os seguintes puntos:

Unha proba inicial permitirá saber o nivel de coñecementos dos alumnos

Para unha aprendizaxe significativa, ó comezo de cada tema faremos preguntas para saber os coñecementos previos dos alumnos e corrixir as ideas erróneas e os prexuízos.

Favorecer a capacidade dos alumnos para aprender por si mesmos

Aprender a consultar diversas fontes de información

Aumentar de xeito progresivo o nivel de esixencia de coñecementos e estratexias.

Manter un enfoque interdisciplinario que relacione a nosa materia con outras áreas para favorecer o seu aprendizaxe e consolidación.

Sempre que sexa posible, vincularemos os contidos o entorno dos alumnos.

Propiciar o tratamento dos contidos transversais.

Fomentar o razoamento e a reflexión crítica.

Actividades de reforzo e ampliación.

Trataremos de diversificar as actividades diarias para evitar a fatiga dos alumnos e estimular a súa atención e interese: preguntas de repaso, exercicios escritos e corrección, explicación de contidos utilizando o libro de texto, presentacións, breves documentais, música da época, análise de imaxes e mapas, etc.

Propoñer tarefas para realizar na casa e realizar un seguimento continuo das mesmas para solucionar erros e tamén recoñecer o traballo ben feito.

Propoñer tarefas e traballos de investigación en grupo para fomentar o traballo en equipo, o intercambio de opinións e o acordo consensuado.

En función do devandito, empregaremos os seguintes **materiais e recursos**:

- Libro de texto de 4º de Historia da Editorial Santillana. O libro será un recurso complementario os apuntes do profesor. Servirá para comentar mapas, gráficos, fotos e esquemas e para facer exercicios e resumos.
- Fotocopias con exercicios, contidos ampliados e textos con preguntas sobre A escravitude na Idade Moderna, O Ku-Klux-Klan, etc.
- Caderno do alumno que deberá estar ordenado e cunha caligrafía lexible.
- Noticias e artigos de prensa escrita ou dixital relacionados coa materia.
- Material gráfico como eixes cronolóxicos, mapas xeográficos, históricos e temáticos, fotografías... Tales gráficos serán analizados, comentaremos a utilidade das lendas e símbolos usados.
- Material audiovisual como breves documentais, presentacións, fragmentos musicais...

- Uso da Biblioteca para favorecer os hábitos de lectura e buscar información en atlas, dicionarios, enciclopedias, monografías e biografías.
- Recomendacións de bibliografía e webgrafía para ampliar temas.
- Co curso na Aula Virtual os alumnos poderán aumentar os coñecementos, realizar tarefas e estar informados de novidades (datas de exames, resultados dos mesmos...).
- Elaboración de esquemas para destacar as ideas centrais.
- Exposicións dos alumnos e preguntas do profesor sobre a materia explicada. Estes recursos servirán para repasar a materia explicada, detectar e integrar ao grupo.
- Resolución de problemas de causa- efecto.
- Comentario e debate sobre temas de actualidade para fomentar a reflexión, a tolerancia as opinións dos demais e fomentar o interese polas noticias diarias.
- Breves traballos de investigación sobre algún feito local de interese histórico ou artístico.
- Recomendación de lecturas e películas relacionadas cós temas abordados.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A **avaliación inicial** proporciona un primeiro acercamento a realidade de cada alumno.

Esta avaliación, as primeiras semanas de curso e as reunións co Equipo de Orientación, permitirán identificar aos alumnos que precisen un maior seguimento, un reforzo ou unha estratexia personalizada no proceso de aprendizaxe, xa sexa por necesidades educativas, por altas capacidades, por descoñecer o idioma (o galego), pola historia familiar ou polo risco de exclusión social.

En caso de ter alumnado con Necesidades de Apoio Educativo, xa sexa con necesidades educativas especiais (discapacidade física, intelectual ou trastorno grave da conduta), con altas capacidades intelectuais, de integración tardía no sistema educativo ou chegado doutro país, sería preciso levar a cabo actividades e adaptacións específicas revisadas e supervisadas polo Equipo de Orientación do centro.

Igualmente, segundo as características e o número de alumnos que precisen maior atención, e da dispoñibilidade do centro (persoal e material) sería desexable a creación de Agrupamentos Específicos ou que os alumnos contaran cun reforzo educativo a cargo dos profesores de Pedagogía Terapéutica ou dos orientadores.

A atención á diversidade atenderase xeralmente a través a adecuación da programación de aula as características do alumnado e outras medidas ordinarias de atención á diversidade. Excepcionalmente a través de medidas extraordinarias. Teranse sempre en conta as orientacións específicas facilitadas polo departamento de orientación.

En función destes aspectos, e segundo a **proposta inicial de atención a diversidade do Departamento de Orientación**, o tratamento da diversidade será feito en cada caso da forma que a continuación se detalla:

4º ESO A. Inicialmente prevese que:

- Un alumno con necesidades educativas especiais reciba medidas de reforzo educativo na aula, incluíndo adaptación de tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Unha alumna con dislexia e un alumno con TDAH precisen medidas de reforzo educativo e adaptación de tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación

4º ESO B. Inicialmente prevese que:

- Unha alumna repetidora coa materia non superada no curso pasado reciban, de precisalo, medidas de reforzo educativo.

4º ESO C. Inicialmente prevese que:

- Dous alumnos repetidores coa materia non superada no curso pasado reciban, de precisalo, medidas de reforzo educativo.

12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE.

Os ámbitos de auto avaliación son: a planificación, a motivación do alumnado, o desenvolvemento do ensino e o seguimento e avaliación do ensino-aprendizaxe. E os indicadores de logro para cada ámbito son os que aparecen de seguido:

ÁMBITO A AVALIAR: PLANIFICACIÓN		
INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
1.- Programo a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3.- Consulto a programación ao longo do curso.		
4.- Dou a coñecer ao alumnado os elementos da programación: obxectivos, criterios de avaliación, metodoloxía... .		
5.- Selecciono e secuencio os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
6.- Programo actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		

ÁMBITO A AVALIAR: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
1.- Motivo aos alumnos comunicando os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos.		
2.- Emprego metodoloxías para estimular unha actitude positiva nos alumnos e que ten en conta os seus intereses.		
3.- Proporciono un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
4. Introduzo a unidade con lecturas, debates, diálogos...		
5.- Estimulo a participación activa dos estudantes en clase.		
ÁMBITO A AVALIAR: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		
INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
1.- En función das características de cada alumno, expoño tarefas e logros diferentes.		
2.- Propoño metodoloxías diversas.		
3.- Emprego recursos e materiais variados.		
4.- Relaciono os novos contidos cos coñecidos; intercalo preguntas aclaratorias; poño exemplos...		
5.- Propoño actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma (busca de información, traballos, investigacións...).		
6.- Poño preguntas de distinto nivel nos exercicios e nos exames		
7.- Emprego diversos recursos e metodoloxías, incluída a utilización de TICs.		
8.- Desenvolvo os contidos de xeito ordenado e comprensible.		
9.- Optimizo o tempo dispoñible para cada unidade didáctica.		
ÁMBITO A AVALIAR: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
1.- Ao comezar unha nova unidade informo aos alumnos sobre obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as actividades a realizar, como serán avaliados...		
2.- Realizo a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
3.- Detecto os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
4.- Cando remato cada unidade, valoro a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe.		
5.- Os controis e probas obxectivas inclúen actividades variadas.		

6.- Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
7.- Corrijo e explico de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		